Educación: un asunto de calidade.

Pepita Martínez....Mestra EI

Como mestra de Educación Infantil e membro do Proxecto sobre Calidade Educativa que desenrola o Centro Pío XII quero facer unhas pequenas reflexiónss sobre a forma de educar .

Non penso que os pais de hoxe en día eduquen peor os rapaces que os de antes, aínda que, ao meu entender, teñen que optimizar os esforzos, xa que moitos pais/nais nos presentan dúbidas sobre a súa capacidade para darlles aos seus fillos a mellor educación posíbel e sobre todo si o estarán facendo ben.

Recoñezo que moitas familias, nas que traballan o pai e a nai, chegan a casa cansos e están cos nenos pouco tempo, pero non é tanto a cantidade de tempo que os pais/ nais poden pasar cos seus fillos como a calidade nese tempo. É convinte aproveitar ese pouco tempo disponíbel e facer un esforzo superando o cansancio.

Débese falar e escoitar os nenos, mostrarlles afecto e tamén cumplir e facerlles cumplir as normas de educación e convivencia.

Pola noite, é un bo momento para ver que ocorreu durante o día, premiar os acertos e correxir os erros, así o neno terá oportunidade de comunicarse coa súa familia.

Tamén é importante que os rapaces vaian pronto á cama é aproveitar para contarlles un conto antes de durmir. É unha actividade relaxante e de comunicación pai/ nai co neno.

Este hábito fai, e falo por propia experiencia, que estes nenos cando se convirtan en adultos sexan, xeralmente, bos lectores.

A calidade na educación, que tanto perseguimos os educadores, vese reforzada positivamente pola actitude da familia que debe proporcionar ós fillos sentimentos de seguridade, de competencia, de comprensión e de esforzo.

O meu entender, esta especial atención á educación dos fillos fai que queden nun segundo plano de preferencia distintas funcións de índole persoal, profesional ou de relacións sociais, pero non debe preocupalos, xa que están levando a cabo unha misión moi noble, unha tarefa que se verá recompensada cando vexan que os seus fillos se convirten en adolescentes e adultos íntegros.

A importancia da atención na EF

Xulio Manuel Iglesias....Mestre EF

Nalgúns casos , entre @s pais/nais, mestres e @s propi@s alumn@s ,hai a crenza da pouca ou casi nula necesidade de prestar atención durante a impartición das clases de educación física.

É aínda máis acentuado pensar na imposibilidade da mellora da atención concentración que pode desenvolver a asignatura fronte a outras materias.

Opino que ter atención e mellorar a mesma nesta materia é sempre máis ou menos significativa en todas as sesións e unidades didácticas que programamos ao longo dun curso escolar.

Aprender as regras de todo tipo de xogos (individuales, colectivos, tradicionais , perceptivos…), a execución de calquera actividade (estiramentos, traballo de condición física, educación postural, actividades expresivas creativas…), e incluso de xogos onde a atención é o eixo principal do mesmo (como simón dí , par-impar, espello e fachendoso…entre outros) fai que a atención sexa unha peza fundamental no desenvolvemento dunha sesión, e polo tanto nunha adquisición dunha nova aprendizaxe por parte d@ alumn@.

Co exposto con anterioridade, a clase de educación física non implica sempre motricidade gratuita e ácrata, senón que esta motricidade ten unhas regras que cumprir, tanto a nivel de traballo individual ou en grupos.

O dito anteriormente non anula o aspecto lúdico que conleva a asignatura, nin unha certa rotura coa cotidianeidade da “aula do día a día”. De feito ó meu entender, rematando os trimestres e máis aínda o curso escolar, a esixencia de atención concentración nas actividades debería ser menor que nos outros periodos lectivos, sen deixar de ter sempre uns mínimos que cumprir, como por exemplo calar para prestar atención ás explicacións, atender ás dúbidas que expoña un/unha compañeri@, etc...